Voluntarios da Asociación para a Loita contra as enfermidades do ril da Coruña atenden, durante a xornada de hoxe, unha mesa informativa no Parlamento de Galicia

PILAR ROJO TRASLADA A ALCER O RECOÑECEMENTO E APOIO DO PARLAMENTO COINCIDINDO COA CELEBRACIÓN DO DÍA DO DOADOR DE ÓRGANOS E TECIDOS

Santiago, 3 de xuño de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, visitou esta mañá a mesa informativa instalada nas dependencias da Cámara por voluntarios da Asociación para a Loita contra as enfermedades do ril (ALCER) da Coruña, coincidindo coa celebración do Día do doador de órganos e tecidos.

Pilar Rojo transmitiu o recoñecemento e o apoio do Parlamento á tarefa que desenvolven os voluntarios de Alcer, "non só durante xornadas como a de hoxe, na que este tipo de organizacións acadan visibilidade, senón ao longo dos restantes 364 días do ano".

Aos directivos e voluntarios desa organización, Rojo Noguera expresoulles "o noso afecto, e tamén a disposición absoluta do Parlamento de Galicia para colaborar con calquera iniciativa que podan desenvolver agora ou no futuro", ao tempo que lles agradeceu o labor que realizan.

Coincidindo coa celebración do Día do doador de órganos e tecidos, a presidenta do Parlamento efectúa un chamamento a prol da sensibilización social respecto á permanente necesidade de contar con doadores.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es